

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 13 de decembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

## **Punto 1. Preguntas**

- 1.1 56914 (10/POC-008937)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre o anuncio pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da declaración de emerxencia cinexética respecto do xabaril en trinta e tres concellos de Galicia, e as súas previsións respecto da elaboración dun plan de xestión que permita o control da poboación da especie  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 544, do 09.10.2019*
- 1.2 57057 (10/POC-008954)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e Vilar Chento, Óscar  
Sobre os estudos realizados pola Xunta de Galicia para a declaración de zonas de emerxencia cinexética temporal e a autorización da caza todos os días da semana nos trinta e tres concellos das comarcas de Betanzos-O Eume, da Terra Chá, Vde iana e do Deza, os criterios seguidos para a elección deses concellos e as previsións ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019*
- 1.3 58307 (10/POC-009150)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Rodríguez Estévez, David e 3 máis  
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para retirar das axudas agroambientais as da Consellería do Medio Rural, co fin de deixar sen executar 116 millóns de euros do seu orzamento no ano 2018, así como as das axencias vinculadas a ela, para non gastar nin a metade do seu para ese ano  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 557, do 06.11.2019*
- 1.4 58765 (10/POC-009194)



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre as actuacións que está a impulsar o Goberno galego para promocionar as razas gandeiras autóctonas e, de xeito desagregado, para cada unha das especies, e as medidas que se están a aplicar para poñer en valor os produtos e derivados lácteos, así como para a transformación do leite

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 564, do 19.11.2019*

1.5 59158 (10/POC-009243)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto que están a ter as casas niño e as casas do maior nas zonas rurais

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019*

1.6 59219 (10/POC-009251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e 3 máis

Sobre as razóns da demora do Goberno galego no inicio do estudo da praga de roedores detectada en varias zonas da provincia de Lugo, así como na execución dun plan de seguimento xunto cun plan de prevención, as medidas adoptadas ou previstas ao respecto e as axudas programadas pola Consellería do Medio Rural para o sector afectado

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019*

## **Punto 2. Proposicións non de lei**

2.1 50665 (10/PNC-004088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas externalidades positivas dos terreos inseridos na Rede Natura 2000 e outras figuras de protección ambiental, así como os custos que lles ocasiona aos seus titulares a súa xestión

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 486, do 12.06.2019*

2.2 55118 (10/PNC-004376)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para avaliar a posibilidade de implantar métodos non letais para o control da fauna



silvestre, así como para previr os accidentes que causa na rede viaria  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 528, do 11.09.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2019

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión

Daniel  
Vega  
Pérez

Firmado digitalmente por  
Daniel Vega Pérez  
Nombre de  
reconocimiento (DN):  
cn=Daniel Vega Pérez,  
email=daniel.vega.perez  
@parlamentodegalicia.gal  
Fecha: 2019.12.10  
13:08:59 +01'00'



Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 10/12/2019 13:08:59



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL SAÍDA**  
Data asento: 10/12/2019 13:11:47  
**Nº Rexistro: 18147**  
Data envío: 10/12/2019 13:11:47.152

CSV: REXISTRO4yF0w0W48  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

